

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/4	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Solicitud do grupo municipal do Partido Popular de pleno extraordinario ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.»
<b>Data</b>	15 de abril de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 11:17 ata as 12:33 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
35566288P	Lucía Pereira González	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
35548188D	Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
35569773C	Noelia Pérez Domínguez	SÍ
34873897D	Primitivo González Souto	SÍ
36152982H	Rubén González Coto	SÍ



77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>		
1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro: «Motivos laborais»		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**Sr. Rodríguez Davila:** Bos días a todos, veciños e veciñas que nos están escoitando, a miña intervención é por cuestión de orde porque nos referimos ao Regulamento que vostedes, señores do goberno, aprobaron e o Regulamento de funcionamento deste Pleno municipal no artigo 40, letra b) di que o debate iniciárase se así o solicita, quen promove a posposta cunha motivación e xustificación que non excederá de cinco minutos; letra c) a continuación os diversos grupos consumiran, se é o caso, unha primeira quenda igualmente de cinco minutos, polo tanto temos dereito a outros cinco minutos, as quendas xerais das intervencións dos grupos políticos municipais e de concelleiros e concelleiras non adscritos serán iniciados en orden da súa importancia; punto d), quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar, si así o considera a Alcaldesa, que lle conceda unha quenda por alusións e punto e), si o solicitase algún grupo, poderase dar unha segunda quenda de intervención por tempo nunca superior a tres minutos, consumida esta quenda o Alcalde/Alcaldesa poderá dar por acabado o debate que se pechará, si é o caso, unha intervención de quen defendese a proposta de acordo por un tempo máximo de tres minutos. Polo tanto baseándonos neste Regulamento, que insisto que vostedes aprobaron, temos dereito a intervención inicial de cinco minutos a unha segunda intervención de cinco minutos a unha posterior de tres e rematar con tres, lean e lle pido a Sra. Secretaria que lea o ROM o artigo 40 e as letras b), c) e e) o di moi claro, polo tanto non nos estamos inventando nada, é o seu regulamento o que vostedes aprobaron e o que nos aplican a todos os membros desta Corporación.

**Sra. Secretaria:** Entendo que a primeira intervención é unha cuestión de orde, polo que non se esgotou ningún tempo aínda, agora faise a proposta neste caso unha proposta do PP que é quen inicia o debate de cinco minutos, despois poden intervir os Grupos que é a primeira quenda de cinco minutos, e finalmente hai unha segunda quenda de tres minutos, e a persoa que presenta a proposta, que como xa dixen antes é o PP, ten unha quenda para pechar o debate de 3 minutos.

**Sra. Alcaldesa:** Cinco minutos iniciais para presentar a proposta e despois dareilla a

palabra a Lucía e Verónica. É triste, estoulles dicindo que nin sequera tería que abrir o debate a estes puntos pero é algo que é necesario. Trátase dumha dación de conta.

**Sr. Rodríguez Davila:** Repito non é así, cinco minutos iniciais para o expoñente da proposta, cinco minutos para cada grupo, polo tanto nós temos dereito a outros cinco minutos, segunda intervención de tres minutos e tres minutos para finalizar, o acaba de dicir a señora Secretaria, e está aquí, lean, se vostedes aproban un regulamento e non saben o que aproban pois é o seu problema, pero está aquí escrito e aprobado por vostedes non por este grupo, así que aplíquense o regulamento.

**Sra. Alcaldesa:** O regulamento tratamos de aplicalo o máis correcto posible e creo que o vimos facendo, Santi, cinco minutos iniciais do Partido Popular para presentar a proposta e despois dareille as palabras a Lucía e a Verónica. Son os propoñente e arrancan tal e como aclarou a Secretaria, teñen cinco minutos para expoñer a proposta. É triste, estoulles dicindo que nin sequera tería porque abrir o debate a estes puntos, son dacións de conta e non teñen porque ser debatidos como se fan noutros plenos. Cinco minutos para a lectura da proposta, por favor adiante.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sra. Alcaldesa solicito que de novo á señora Secretaria que explique o que explicou, e o explicou perfectamente, reitero Sra. Secretaria lle solicito porque estamos en dereito, solicito amparo á señora Secretaria para que unha vez máis explique o que explicou fai uns minutos, que quedou ben claro que temos dereito a cinco minutos iniciais para exposición e motivar o por qué da solicitude deste pleno extraordinario, se este grupo non houbera solicitado este pleno non estaríamos aquí nin estaríamos falando da rebaixa do IBI, nin estaríamos falando da moratoria do pago dos atrasos.

**Sra. Alcaldesa:** Non te preocupes Santi, vas ter os teus cinco minutos , os tempos non van ser un debate nesta sesión plenaria, arranque que vas ter os seus cinco, cinco e tres, non se preocupe voullos dar.

**Sr. Rodríguez Davila:** Non nos lo vai a dar, e que temos dereito a eles.

**Sra. Alcaldesa:** É unha cuestión interpretativa por parte Partido Popular, mesmo así quere cinco, cinco, tres e tres eu voullos dar.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**Expediente 543/2021. Solicitude ao ORAL para diferir a emisión das liquidacións correspondentes á retroactividade do pago do IBI.**



**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. Rodríguez Davila:** Bos días de novo, pedir desculpas por que este goberno aproba regulamentos e logo non sabe interpretalos e impide ou pretendía impedir a este grupo maioritario o dereito que lle ampara seundo o regulamento que este goberno unilateralmente aprobou en pleno. Exerzamos como digo o dereito de poder utilizar os tempos que eles mesmos aprobaron deste regulamento de organización municipal, que tristeza de goberno.

Nós solicitamos este pleno extraordinario porque vemos que publicamente vostedes non fixeron absolutamente nada ao respecto de botarlle unha man aos veciños nesta situación. Solicitamos en primeiro lugar que este pleno fora no auditorio municipal cumprindo as normas COVID, perfectamente legal, perfectamente realizable, como os actos aos que vai a Sra. Alcaldesa, actos públicos de asistencia de certas persoas e que se cumpren os protocolos e a distancia social, ou no auditorio non caberían a día de hoxe cen persoas? Ou incluso menos do 50% da ocupación, mantendo a distancia de seguridade e cumprindo todas as normas, nun pleno que non vai a exceder máis alá de hora e media como máximo? Onde está a vontade de que os veciños participen e escoiten? Vostedes estanlle cortando os dereitos aos veciños a asistir ás sesións plenarias públicas, está moi ben gravalo, por suposto, e cada un poderá velo e escoitalo cando considere, pero iso non significa que non teñan o dereito de poder asistir aos plenos presenciais porque cumprindo as normas si poden facelo un número de veciños importante no auditorio municipal. Os da participación, os do consenso bla, bla bla. Vostedes fan todo o contrario sempre do que predicán e do que din e o demostran en cada oportunidade que teñen ao respecto.

Teño que desculpar á compañeira Ana Cristina que unha vez máis imposibilita a súa presenza a este pleno porque vostedes o da conciliación lle vai moi ben nos papeis, nos planfetos, slongans publicitarios, pero na realidade vostedes os plenos todos extraordinarios deste mandato, salvo un excepcional, foron todos pola mañá. Menos mal que a Sra. Verónica Tourón dicía fai un tempo atrás que aquel pleno extraordinario era un motivo excepcional como ben dixo a Alcaldesa, miren vostedes todos os plenos extraordinarios pola mañá, ás nove e media, ás doce, ás unha, as dez e media etc... Vostedes fan todo o contrario do que predicán. E

ste grupo municipal que quede ben claro que está totalmente en contra deste catastrazo salvaxe, de sablazo económico aos veciños, sen precedentes. Vostedes van a perpetrar a maior suba de impostos, a maior suba de impostos da historia do noso Concello no peor momento sanitaria de pandemia, de situación social económica e laboral. Vostedes din sentir Salceda, vostedes senten qué? Vostedes son coñecedores da realidade de moita xente salcedense, da situación laboral, da situación familiar? O que pretenden vostedes implantar nestes momentos é o maior abuso de poder ante unha situación de indefensión, de rabia que é o que senten moitos veciños, de



impotencia e de decepción dos mesmo co goberno que os representa, de vostedes. Vostedes estiveron caladiños dende o minuto un, non dixeron nada, o único que fixeron foi incorporar no presuposto que acaban de aprobar fai un minutos esa recadación abusiva, bestial, que lle van facer aos veciños a van a aplicar neste orzamento de 2021, se non tiveran interese en cobrarlo porqué contemplan esa suba dese catastrazo? A vostedes todos os meses lle pagan a súa nómina, verdade? Todos os meses vostedes cobran sen ningunha dificultade, pero hai moitos veciños que non teñen esa oportunidade, non teñen esa nómina, ese salario, se as ven e as desexan para chegar a fin de mes, pero a vostedes iso lles da igual, alardean incluso do maior presuposto da historia, si home claro, e para o ano qué? máis aínda? Que imposto van subir para o ano que ven? Diganonlo xa e así xa nos vamos preparando e xa vamos facendo unha aforro e vamos apartando, porque ao mellor para o ano nos sorprende con outro sablazo económico a través dos impostos. O de vostedes xa sabemos o que é recadar, recadar, subir impostos, despilfarrar en slogans, tweets, facebook, pancartas, iso é o seu, pero a xestión é nefasta en moitos asuntos necesarios e prioritarios para os Salcedenses, e quero recordar aquí que solicitamos Sra. Alcaldesa, porque así tamén se considera este pleno, os asuntos a tratar a ampliación do tempo de intervención pero vostedes unha vez máis o negan.

**Sra. Pereira González:** Entendía que esta primeira quenda era para explicar os puntos que se ían a tratar no pleno, dedicouno a facer un discurso que lle quedou moi bonito pero que contén bastantes falsidades.

Vostedes solicitan un pleno extraordinario con dous puntos, o primeiro deles é a solicitude do inicio de expediente para a baixada do tipo impositivo da ordenanza fiscal reguladora do IBI e o segundo a dosificación dos recibos das anualidades dos atrasos. Comezou dicindo que publicamente non fixemos nada, efectivamente publicamente o traballo se fai primeiro nos despachos e cando é unha realidade, cando está rematado, é cando se publica. Somos un goberno serio, un goberno rigoroso e o que nos gusta ofrecerlle aos veciños son propostas realistas e propostas que se sexan prácticas, non vender fumo.

En canto á modificación da ordenanza, o día 10 de marzo se emitiu unha providencia solicitando informes para a posible baixada do tipo, informe que xa foi realizado e que se emitiu o 25 de marzo, providencia para Servizos Sociais para as posibles bonificacións sociais. Non nos quedamos só na baixada do tipo estamos estudando a modificación da ordenanza na súa totalidade, non só na baixada do tipo senón en outras posibles bonificacións ou exencións que poidan paliar este proceso. Dende que somos coñecedores deste proceso dende febreiro, a principio do mes de febreiro, esta Concelleira que lle fala e o goberno na súa totalidade levamos dedicado moitísimas horas a buscar solucións e a que o impacto deste proceso sexa o mínimo na veciñanza. Dende o primeiro momento puxemos en marcha unha oficina de atención ao público, unha oficina para atender á veciñanza para que a xente no momento que recibira a carta puidese achegarse a un sitio e que lle



explicasen, con catro persoas, catro persoas e como estaba quedando corto, porque saben vostedes que o catastro enviou 15.500 notificación en pouco máis de dúas semanas e a aglomeración e a masificación foi brutal, se ampliou tamén o horario de tarde. Temos unha oficina en horario de mañá e de tarde atendendo a veciñanza. Xestionamos co catastro a solicitude de ampliación do prazo de alegacións, se ben de xeito oficial non nolo puideron confirmar si temos a confirmación da Xerente de que o prazo non vai a ser do mes estrito, senón que van a ser flexibles na recepción das alegacións. Xestionamos co ORAL o aprazamento dos recibos. Eu entendo que cando vostedes fixeron estas solicitudes a fixeron porque lles pareceu boa idea, igual que nos pareceu a nós no seu momento, pero non porque tiveran a confirmación de que se puidera facer. Despois de que eu fixera bastantes consultas e falara con bastante xente do ORAL, o luns, mentres estaba nesta Comisión, me chamou a directora e lle devolvín a chamada ao saír, para que me confirmara que se podía facer. Non depende do ORAL só, nin depende da solicitude do Concello, depende de como o Catastro lle envíe a documentación ao ORAL. O ORAL me di que en función de cómo o catastro lle envíe a eles os ficheiros con eses atrasos eles poderán separalos ou non. O luns mentres estaba nesta Comisión recibín a chamada da Directora que lle devolvín a saír e me confirmou, ata o luns non había confirmación de que iso se puidese facer así.

Fala de que levamos a cabo este proceso, nós non somos quen levou a cabo este proceso, este proceso levouno a cabo a Xerencia Territorial do Catastro. Nós non pretendemos implantar nada, o IBI é un imposto que xa está implantado e neste Concello o IBI non se toca. Aumentan as parcelas, aumentan os bens impositivos pero non se tocou o imposto. O imposto neste Concello, o tipo segue sendo do 0,50, recórdolle que a Lei permite establecelo entre o 0,4 e o 1,10, e aquí temos o 0,50 bastante cerca do mínimo e unha ponencia de valores do ano 1989, polo tanto a presión fiscal que hai aquí non é elevada. O Catastro decidiu levar a cabo este proceso de revisión para incluír un montón de bens que non tributaban e que agora pasan a tributar, pero non é achacable a este Concello en ningún momento. Igual que o decidiu neste Concello o decidiu no Concello de Mos, no Concello de Porriño e outros tantos que xa veñen detrás, polo tanto non é culpa deste goberno que se decidise levar a cabo isto no peor dos momentos. Por iso, e porque sabíamos que era o peor momento, temos en marcha un motón de mecanismos para tratar de paliar lo que sexa posible, pero que o proceso é irreversible e que non depende de nós o saben perfectamente.

**Sra. Tourón Domínguez:** Xa o explicamos un montón de veces por todas as partes vue xa existía ese procedemento simplificado. Insisto unha vez máis, non o iniciou o Concello nin o solicita o Concello e todos os que estamos aquí o sabemos. Sabemos que ademais está inicio en Mos, en Porriño, en Bueu, leva anos aplicándose en Tui, en Salvaterra e como dicía a compañeira Lucía antes, outros empezarán a continuación de nós. Eu creo que o Partido Popular está actuando cunha irresponsabilidade absoluta neste tema, porque está mal informando á veciñanza a




propósito. Creo que de feito o Partido Popular xa comezou mal no mes de febreiro cando pediu unha moratoria de dous anos ou pedía a paralización deste procedemento, cando sabía que é un procedemento totalmente irreversible ou se non o sabía debería sabelo; empezou mal xa dende febreiro porque o único que intentaron xa dende aquel momento era enganar á veciñanza con falsos brindes ao sol, pensando en que se podía conseguir algo cando non era así. Como dicía a compañeira Lucía nós traballamos, xestionamos e despois se saca ao público. Levan mes e medio adaptando e cambiando o discurso, adaptando interesadamente os logros que vai conseguindo este equipo de goberno, iso é o que leva feito neste mes e medio e levan ademais mes e medio dedicándose exclusivamente a crispas a poboación, a veciñanza, con información moi pouco rigorosa e que ademais creo que é por descoñecemento, quero pensar que é por descoñecemento, porque senón sería moi pouco serio por parte dun equipo que forma parte desta Corporación municipal incitar á xente a masificación masiva con información falsa. Digo todo isto porque eu creo e é a miña opinión que o único que estiveron sementando foi iso, incertidume, dúbidas, crispación, é hoxe quero explicar e aclarar unhas cantas cousiñas, voulles a explicar o que fixo este equipo de goberno mentres vostedes de dedicaban a marear: iniciar a modificación da ordenanza para estudar a posible rebaixa do tipo impositivo, realizar as xestións necesarias co Catastro e co ORAL para conseguir os aprazamentos necesarios para emitir de forma escalonada os recibos, así pagaremos no 2021 o recibo de 2021 e o do 2018, no 22 o dese ano e 2019 e no 23 o de ese ano e o do 2020, finalizando así o procedemento. Ademais, a flexibilidade no tempo das alegacións, abrir a oficina de asesoramento como comentaba antes e estudar as posibles bonificacións e exencións. Bonificacións como as que se van a facer a persoas, familias vulnerables ou estudar a posibilidade de bonificar terreos que aínda estando núcleo non teñen a posibilidade de edificar. Iso é o que está traballando e traballou o equipo de goberno e sobre todo dende Facenda. Isto é ao que nos estivemos dedicando e me gustaría aclarar, porque exactamente isto é o mesmo que Verónica Tourón en representación do Partido Socialista pediu no procedemento anterior do 2015, porque nós si estamos facendo o que dixemos e si estamos facendo o que debemos, que é mellorar e buscar solucións aos veciños mentres vostedes o único que estiveron facendo é mareando á xente. Por certo, non esquezan dicir que isto que está facendo o Ministerio de Facenda a través de Catastro ven abalado por unha Lei aprobada polo Partido Popular no ano 2015, por iso que a información hai que dala toda. Por certo, que fixo o Partido Popular en todo este tempo? Pois o único que fixo o Partido Popular en todo este tempo é facer o discurso que non ten máis recorrido que o enfrontamento entre a veciñanza e tamén aproveitarse do traballo que se fai dende o equipo de goberno para presumir del, iso é o único que fixo o Partido Popular. Presumir do traballo dos demais é o mesmo que presumir de ser un grupo maioritario e seguir na oposición por cousas como esta.

**Sr. Rodríguez Davila:** Saben vostedes, señores do goberno, que dende que vostedes intentan gobernar este pobo lle subiron a urbana aos veciños máis dun 45%?



Pregúntenlle a un veciño o que pagaba no ano 2010 e canto vai pagar no ano 2021, máis dun 45% de suba de urbana. Vostedes, os que din estar ao lado dos máis vulnerables, dos que reparten cos que menos teñen, vostedes son os que aplican esa política, porque o IBI, a urbana é un imposto 100% municipal, a recadación ven ao 100%, salvo o que nos cobra o ORAL para súa xestión que é un 5%. É dicir, por cada 100 euros que os veciños pagan a través do recibo da urbana, 95 euros veñen para as arcas do Concello, porque é un imposto municipal e nós temos competencias sobre o mesmo, aínda que lexislativamente está compartida con Facenda, co Ministerio de Facenda, o Concello é o propietario do mesmo e pode legislar, modificar, baixar os tipos, aumentalos. Pero cómo din vostedes que fixeron todo o posible? Pero como teñan a desfachatez e a arrogancia en mentir pública e claramente ao respecto si no pleno de febreiro, de fai escaso mes e medio vostedes votaron en contra desta moción deste grupo maioritario? Saben que fixeron vostedes? O grupo de goberno Partido Socialista – Movemento Salceda fai escaso mes e medio votaron en contra de baixarlle o tipo na urbana aos veciños, o pedíamos no punto tres “iniciar o expediente da rebaixa do tipo impositivo do 0,5 ao 0,4” e vostedes votaron en contra. Vostedes votaron en contra porque vostedes acaban de aprobar fai escasamente uns minutos un orzamento que contempla un aumento da recadación urbana de preto de un millón de euros, pero como que fixeron todo o posible? Que fixeron vostedes entre o día 2 de febreiro e o 17 de febreiro que é cando está publicado no Boletín Oficial o edicto do inicio do procedemento por parte do Catastro? Vostedes eran os únicos coñecedores, vostedes, vostedes ocultárono aos veciños e a este grupo, vostedes ocultárono a sabendas que ían a recaudar ese millón de euros, por iso nos presentaron os presupostos a finais de febreiro; Comisión do día 22 con ese incremento de case un millón de euros, alardeando do maior presuposto da historia do noso Concello. A conta de qué? De meterlle a man nos bolsillos aos veciños, meténdolles un sablazo económico sen precedentes. Amaior suba de impostos deste Concello, vostedes lle levan subido un 45% na urbana nos últimos dez anos. Vostedes non nós. A lei, a lei está, quen a aplicou nos últimos anos, quen?

Din que ao ORAL agora lle afecta diferir os recibos en diferentes anos, moi ben, totalmente de acordo, o aplaudimos, unha proposta do Partido Popular compartida co goberno, perfecto, alegrémonos, pero vostedes non contemplaban iso porque vostedes no orzamento xa incluíron un millón de euros, case, a maiores. Como poden negar a realidade que, como ben dixo o meu compañeiro Tivo, dentro de unhas semanas van ter que modificar o orzamento porque os ingresos non se van corresponder coa realidade? Igual fan como sempre, os deixan, non os ingresan, os gastan e débeda para o Concello e os provedores. Xa o aviso unha vez máis, teredes que esperar porque para cobrar as facturas deste ano 21 ides ter que esperar ao ano 22 ou ao ano 23, porque estes señores contemplan ingresos ficticios, falsos, que non ingresan, que gastan e despois non pagades, sodes puferos porque a xente quere cobrar en tempo e forma e non utilizar os seus traballos e as súas empresas para financiar obras do Concello que non teñen os recursos para pagar. Por iso moitos





provedores xa non queren traballar con vostedes, por iso nas obras sempre están os mesmos, porque son moitos deles copartícipes do sistema.

Vostedes dixeron que non ían mudar o valor catastral e o IBI, non, non muda, simplemente se dispara. Nós dixemos dende o primeiro minutos que ía a suceder e tristeemente a realidade nos volve a dar a razón, como nos da a razón en moitos temas económicos deste Concello.

Este grupo propuxo ao pleno en moitas ocasións propostas para rebaixas fiscais para que os veciños non sufran a desastrosa xestión económica deste concello e vostedes votaron sempre en contra. Non lle permitimos que veñan agora a alardear de que o conseguiron. Vostedes están aquí hoxe sentados neste pleno porque o pediu este grupo e están aquí alardeando de algo que conseguiron, supostamente, de algo que nós propuxemos dende o minuto un, porque ante o impedimento de nós presentar alegacións ante o inicio deste procedemento porque vostedes, reitero, ocultaron esa información do día 2 ao día 17 de febreiro, ningunha reclamación, ningunha comunicación a este grupo, nin unha reunión coa oposición da Sra. Alcadesa co grupo da oposición e coa corporación para facer un comunicado conxunto en contra do Catastro, ningunha concentración de repulsa ao mesmo, nada, silencio. O que fixeron foi contemplalo nos presupostos esa e á clara evidencia de recaudar, recaudar e recaudar.

**Sra. Pereira González:** Reiteramos que non dependeu do Concello este proceso e o saben perfectamente, non é o Concello o quen ten ánimo de recadatorio. Si Xerencia nos comunica este proceso e nos di que vai incrementar a recadación que sería o que farían vostedes? Non contemplalo? Pois non o contemplamos, os veciños pagan e ese diñeiro queda sen contemplar e non o podemos gastar tampouco, unha idea moi boa, non contemplar o diñeiro que os veciños van a pagar e que vai a revertir na veciñanza, porque o orzamento se compón de gastos e ingresos e os ingresos proveñen e os gastos serán para a veciñanza tamén.

En canto a posible modificación do Orzamento, posiblemente hai que facer unha ou máis. O orzamento é unha previsión de gastos e ingresos a aprobarase en tempo, e este ano non foi en tempo de todo pero foi ao inicio de ano. É posible que ao longo do ano sufra modificación que fagan necesario esa modificación, pero non se preocupe polos 800.000€ ,a previsión de incremento de recadación tras este proceso é duns 450.000€ no exercicio, polo tanto e en base sempre ao criterio de prudencia como lle dixemos en moitas ocasións, se contemplou un incremento de 800.000€. Ese incremento de 800.000 daría cabida ao incremento deste ano máis a un dos atrasos que contemplamos e aínda non estamos fora de todo. Espero que lle quedara claro, si é necesario facer unha modificación farémola, non se preocupe, xa lle dixemos que nos informes de intervención que se seguía un criterio de prudencia.

Fala do incremento do imposto, os impostos en Salceda hai moito tempo que non se



sube ningún imposto, en ningunha Ordenanza fiscal se sube o tipo neste Concello, o IBI sube igual que suben o pan igual que sube todo, se actualizan os valores, temos unha ponencia do ano 89 e cada ano se aplican uns coeficientes actualizadores para ir actualizando o valor do ben á realidade do ano, non podemos pagar agora o prezo, non podemos valoralo polo ano 89, ou facemos unha ponencia de valores actualizada, que tamén é unha opción, ou imos aplicando os coeficientes que o Ministerio marca. Por certo, os marca o Ministerio, non os marcamos nós. Este proceso non se lle pode facer nada, este proceso é por imperativo legal e é irreversible e foi o que nós tratamos de pescudar dende o primeiro momento. Pedir unha moratoria e mandar unha nota de prensa para dicir que pedimos unha moratoria posiblemente quede moi ben pero é infundarlle falsas esperanzas aos veciños. Viron o que pasou en Mos, verdade? Non hai moratoria posible e iso sabíámolo nós e o sabía Mos. Pode quedar moi bonito dicir que pedimos unha moratoria e que intentamos paralo, pero a realidade é todos sabemos que non hai maneira de paralo.

**Sra. Tourón González:** Cando dicías que votamos en contra no pleno do mes de febreiro, que o goberno votou en contra da baixada do tipo impositivo, eu lle recordo o que falamos os dous portavoces deste grupo e a Concelleira de Facenda, estabamos disposto a votar o apartado tres do estudio de baixada do tipo do IBI se retiraban os dous brinde ao sol que pretendían facer ao principio, que era pedir a moratoria e o de paralización do proceso. Dsa foi a nosa postura de todo o equipo de goberno, co cal non digan que votamos en contra porque a intención era apoialo se deixaran de facer eses brindes ao sol que non se ían levar a cabo. Tal como lle acaba de dicir a compañeira, xa se demostrou nun Concello.

Despois, catastrazo sen precedentes e o di así coa boca tan chea. Que está pasando en Mos? Que vai a pasar en Porriño e Bueu? Que pasou xa en Concellos como Tui e Salvaterra, por nomear a Concellos da contorna? Catastrazo sen precedentes, volvemos ao mesmo. A información que está dando dende logo non é rigorosa porque isto xa se está aplicando en outros Concellos e vostede sabe que se vai a seguir aplicando nos Concellos restantes. Digo que sabe, porque sei que estou falando cunha persoa que entende disto, me consta e me cansa repetilo explicar algo que vostede quere que non quede explicado e que a veciñanza pense o contrario.

En canto ao Regulamento Municipal, se aprobou por maioría deste Pleno Municipal co cal o respectamos e o debemos respectar todos, e non seguir dándolle voltas con que se aprobou ou non, porque pasou os procedementos e aprobouse por maioría deste Pleno. Volvo a insistirille, quen aprobou a Lei coa que se está aplicando esta regularización, este procedemento simplificado, quen a aprobou? O Partido Popular, saben que é un procedemento, un proceso totalmente irreversible, deixen de enganar a xente que é o único ao que se dedicaron no mes e medio e é o único que están a facer neste pleno. Vólvolle a preguntar, que fixo o Partido Popular durante todo este tempo? Será que o cabreo que teñen hoxe é porque chegan coas mans



baleiras porque o equipo de goberno fixo xa o traballo? Será ese o cabreo que teñen? Eu creo que debe ser ese porque outro non o entendo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Agora este goberno, que é de grandes titulares, dirá que a culpa é dos veciños pola suba do catastrazo, porque como se lle ocorre aos veciños ter propiedades? Como se lle ocorre aos veciños ter máis de unha vivenda, ou ter terreos, a culpa é dos veciños, se os veciños non tiveran propiedades xa non se lle aplicaría a urbana e xa non lle subiría o imposto. Iso é o que vostedes seguramente acabaran dicindo, a culpa é dos demais, vostedes nunca teñen culpa de nada, vostedes nunca son responsables, son dos demais, pero se tan malo é porqué o aplican vostedes? Se tan malo é porqué o van a recadar vostedes? Se tan malo é porqué non modifican vostedes esa lexislación? Se vostedes son os que realmente non queren, modifíquena, para que a aplican aquí? Pero é que vostedes non fixeron nada durante o tempo de exposición, lle volvo a reiterar, nada. Aporten vostedes un documento, un escrito, un acordo, unha proposta, unha reunión, un whatsapp, un SMS, unha chamada a este grupo para facerlle fronte ao Catastro en contra deste procedemento. Nada, non lideraron nada, vostedes calaron e o recolleron nos orzamentos, porqué modifican agora as previsións?

Vamos a aprobar a rebaixa do tipo a 0,40. A proposta é deste grupo e hai que votala neste pleno, outra cousa é que a Sra. Alcaldesa lle interese dicir “isto é unha dación de contas”, non é un tema resolutivo porque a Sra. Alcaldesa e o goberno non encheu de contido esta proposta, para qué? Para irse de rositas. E porqué fixeron isto? Porque claro, non calcularon a dimensión do impacto ante os veciños e a crispación e a indignación que hai. Salga vostede a fora e dígalle aos veciños nos non queriamos isto. Vostedes son corresponsables ante o silencio e ante a imposibilidade dos veciños de recorrer, vostedes non recorreron esa iniciativa, vostedes non fixeron nada e din de Mos, claro, liderou a Alcaldesa, liderou por iso a oposición está como está, claro, porque está facendo que ten que facer, o que este goberno non fixo. Este grupo tivo que facer en substitución deste goberno que estivo de brazos cruzados vendo como Catastro e o Ministerio de Facenda, coa súa complicidade, porque repito é un imposto municipal, aplaudían e se alegraban de que ían a recaudar ese millón de euros, pero non o recaden, devólvalle aos veciños vía impostos. Se realmente vostedes non están de acordo, se vostedes están en contra de subirlle os impostos e non queren que os veciños paguen este abusivo aumento na urbana, téñeno moi fácil, o que ingresemos este ano polo concepto de urbana a maiores con respecto do ano pasado, o deduzan vostedes doutros impostos. Se o aumento é 400.000€ dedúzanllo vostedes aos veciños. Iso é unha mensaxe clara de que vostedes non lle queren cobrar ese aumento aos veciños noutros impostos. Vostedes están facendo o que están facendo porque non lle queda outro remedio ante a presión social, ante a iniciativa deste grupo. Xa lle gustaría a vostedes que este grupo actuara doutra maneira, se fora á inversa, que pasaría si o goberno fose o Partido Popular e vostedes foran a oposición? Non fai falta recordar non hai moitos anos atrás o que fixeron vostedes noutras situacións. Se vostedes son os espertos en mobilizar, en crispar, hai



algunha mobilización en Salceda a día de hoxe? Do cal eu me alegro moito, da actitude exemplar dos cidadáns, este Partido propuxo algunha concentración, algo? Hai algunha pancarta? Hai algunha pintada? Hai algo? Nada, nos o que fixemos un vez máis, e quero aquí agradecer os cinco compañeiros, Ana Cristina, Ángela, Noelia, Tivo e Joaquín, que unha vez máis actuamos con seriedade, con coherencia, non crispamos, non enfrontamos, simplemente intentamos pola vía legal, a través de propostas no pleno, a través de acordos no pleno, a través de propostas cara ao goberno, de minimizar este impacto ante a inactividade do goberno municipal. Se fora ao revés vostedes terían xa semanas a rúa con pintadas, pancartas, concentracións, iso é o que fan vostedes o vemos a todos os niveis Sra. Verónica, o vemos a todos os niveis señores do ex - BNG. a todos os niveis, ese é o seu forte e o noso é intentar defender aos veciños vía propostas, vía demandas ao goberno. Por iso trouxemos propostas de rebaixa da urbana que vostedes votaron en contra. Por iso trouxemos propostas de rebaixa de impostos nalgunha ocasión e votaron en contra. Por iso propuxemos que non se falsearan os ingresos do IBI fai anos e votaron en contra, e logo as consecuencias, como se ven dixo aquí, pagarlle aos provedores ao ano seguinte. Antes era culpa do PP que o bloqueaba no Pleno, verdade Sra. Alcaldesa? Era culpa do PP e os provedores non cobraban e agora vostedes teñen a maioría do pleno e este ano 1,6 millóns de facturas sen pagar, iso é culpa do PP ou é culpa deste goberno que non sabe xestionar economicamente este Concello?

Remato xa, porque sinceramente non quero que os veciños se queden soamente coa decepción dun goberno que queda a día de hoxe inhabilitado para seguir gobernando. Se tiveran o mínimo de rigor, un mínimo de autocrítica, dimitirían das súas funcións porque non souberon estar á altura dos veciños. Os veciños lles fixeron rectificar para traer esta dedución do tipo o 0,5 ao 0,4 e tamén para que os recibos da urbana non se emitan todos xuntos este ano 2021. Vostedes non fixeron nada e polo tanto no quero terminar con esa decepción que teñen os veciños, que temos nós, que é a indignación e a rabia da impotencia ante este goberno cos brazos cruzados. Por iso lle quero mandar unha mensaxe de optimismo, porque hai esperanza, porque hai que pensar no futuro próximo que nos espera, porque este grupo fixo todo o posible legalmente, como dixeran anteriormente, non utilizamos a rabia e a indignación dos veciños, porque era moi fácil convocalos, están desexando saír á rúa os veciños, pero nós non vamos a liderar iso porque nós non queremos iso nas rúas, o que queremos é que lexislativamente se axude aos veciños como estamos propoñendo e seguiremos propoñendo. Seguiremos insistindo na baixada de impostos e estou convencido que máis cedo que tarde, cando cheguemos ao goberno, vamos a propor unha revolución fiscal de baixa de impostos, de regularización doutras taxas e de eliminación doutros impostos municipais. Este grupo maioritario da corporación, o Partido Popular de Salceda que teño a honra de presidir e de liderar, quero dicirle aos salcedenses que merecen un goberno que estea a súa altura e que a día de hoxe non o teñen, e vamos a levar a cabo novas e mellores propostas para que vexan os seus bolsillos reducidos de cargas impositivas e sobre todo, que non dubiden de que nos debemos aos salcedenses e ao pobo de



Salceda e que vamos a seguir loitando polos seus intereses lexítimos, porque Salceda é un gran pobo, con unha gran historia pero é un pobo que ten moito máis futuro. Gracias, e sobre todo vamos a seguir e conseguir o que nos vamos a propoñer. A proposta é que se voten estes dous puntos porque así o propón o grupo propoñente deste pleno, é unha parte resolutiva.

**Sra. Alcaldesa:** Este goberno e esta Alcaldesa xestionou en todo o momento e buscou solucións precisamente no que máis nos importa que é a defensa dos intereses da veciñanza. Defendo a xestión do Concello ante esta revisión catastral imposta polo Ministerio de Facenda, que nin diso informan ben á veciñanza. Encontrámonos, e vostedes sábeno perfectamente porque aconteceu exactamente igual en Mos, un anuncio dun día para outro e puxémonos en marcha para axudar a veciñanza. Facemos e seguiremos a facer todo o que está nas nosas mans e que lle quede claro, con sustento legal. Para asesorar e axudar a veciñanza actuamos con seriedade, con responsabilidade, sen vender fume, para nós, para min, os veciños de Salceda son o máis importante, eu non lle debo lealdade a ningún grupo político eu débolle lealdade a veciñanza de Salceda.

Dende que tivemos coñecemento en febreiro, o 3 de febreiro, estivemos explorando todas as posibilidades, reunímonos con Catastro, deixamos moi claro que non era este o momento de sacar este proceso agora, xa volo dixemos no pleno ordinario de febreiro, pero para retirar o proceso que está posto en marcha, saben vostedes que é un organismo superior, e temos a mans atadas. Díganlle iso a veciñanza, é un organismo superior é imperativo legal, que di vostede de cambiar unha lei de rango estatal? Vostede sabe o que está a dicir? Pregúntelle a Mos, a Porriño e a outros concellos como Salvaterra, que está aquí ao lado, pregúntelle como funciona isto e como vai, e faga o mesmo, faga política da seria en Salceda. Atopámonos co anuncio dun día para outro, só puidemos poñernos en marcha para axudar á veciñanza e quen diga o contrario minte. Hai que ter memoria Partido Popular de Salceda, se Catastro depende do Ministerio de Facenda e se actuou agora foi porque a lexislación que lles permitiu actuar. Parte dos executivos gobernados polo Partido Popular, Real Decreto Legislativo 1/2004 de 5 de marzo aprobado por Aznar, Lei 13/2015 de 24 de xuño aprobada por Rajoy. Porqué o Partido Popular nos responsabiliza deste proceso cando sabe que non é así? Interese político, necesidade de xerar crispación e revolta social, non o conseguiron nestes dous anos, non o conseguiron porque o goberno funciona, non temos discrepancias, xestionamos unha pandemia con seriedade, creáronse novos servizos, temos proxectos de goberno, non o conseguiron e pretenden facelo así. é unha lástima. En Mos teñen moi claro quen son os responsables desta revisión catastral, queren as cousas por escrito, facebook do Concello de Mos di textualmente *“catastro colapsa o Concello de Mos, destinamos dende onte dúas traballadoras municipais, Arquitecto Técnico e un administrativo a información pública sobre a nova revisión catastral pola que Catastro realiza unha ponencia de valores do chan e das edificacións aumentando notablemente o importe do IBI aos mosense. Lamentamos*



*enormemente no medio dunha situación terrible para moitas familias, no medio dunha pandemia e unha crise económica que a Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda decidise subir desta forma os impostos a cidadanía con este catastrazo que ademais ten efectos retroactivos".* Eles téñeno claro, fagan o mesmo que a oposición de Mos, sumen e arrimen o ombreiro. Sei que a veciñanza tiña claro, díxeno dende o principio, que isto ía chegar, sabían que este proceso ía chegar como aconteceu noutros Concellos. Salvaterra, supoño que non preguntaran vostedes senón é imposible que estean dicindo o que din na rúa.

Esta revisión afecta de distinta maneira aos interesados e interesadas e regulariza unha situación. Quero lembrarlles tamén que si houbesen aprobado o Plan Xeral proposto no 2016 esta situación non tería lugar, isto é así. Insisten, poñen como exemplo as medidas de Mos, agora eu lle vou a dar lectura das cinco propostas que este goberno traballou e trouxo hoxe resoltas e algunhas delas anunciaremos en breve nas que se están traballando. Vostedes seguen pondo como exemplo a Mos, publicación de onte de Mos: *"Mos reúnen hoxe na Comisión de seguimento para estudar un informe xurídico sobre as posibles vías de recurso do procedemento simplificado da valoración catastral"*. Neste escrito do Ministerio de Facenda que recibiu precisamente o Concello de Mos deixa ben claro que non hai posibilidades, que se deixen de solicitar e de botar tinta de calamar e de enganar. Seguimos, solicitude da ORAL dun aprazamento da liquidación dos exercicios pasados, xa lle dicimos nós que é posible porque así llo comunicaron á compañeira Lucía. Estudo da solicitude ao ORAL de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión para ampliar a posibilidade de fraccionamento do pago do IBI sen intereses, xestión realizada pola compañeira Lucía a través do ORAL e de Catastro en coordinación cos dous organismos. Estudo por parte do Concello de posibles bonificacións a aplicar por parte do ORAL, todo este traballo nós xa o temos avanzado e agora lle leo, o digo porque son vostedes os que poñen como exemplo a Mos, nós non utilizados a comparativa, cada quen nos seus Concellos traballa como lle parece, nós en ningún momento utilizamos a comparativa de se Mos o está facendo mellor ou peor, nós dedicámonos a facer a política seria e responsable.

Medidas, medidas de apoio a veciñanza iso é para o que traballamos e polo que nos escolleron para estar aquí, cinco medidas, a primeira, a creación da oficina de asesoramento de atención á veciñanza. O Ministerio de Facenda a través de Catastro emitiu 15.500 certificacións, levamos atendido a máis de 600 veciños e veciñas e máis de 1000 propiedades. Esta oficina está situada na terceira planta do Concello, onde catro persoas, tres contratadas para atender explicitamente este proceso e axudar a plantexar os recursos dos veciños e veciñas que sexan necesarios. Segunda, modificación da ordenanza do IBI para unha posible baixada do tipo impositivo que actualmente é de 0.50 o mínimo é 0,40 e o máximo 1,10. Solicitei informe de intervención o 10 de marzo, moito antes de que vostedes solicitaran este pleno, e foi realizado ese informe o 22 de marzo, agora está precisamente a ser estudado xuridicamente, porque non somos xente trapalleira somos xente seria, para que se



leve a cabo, e digan tamén as medidas son de aplicación no ano 2022, cando se modifica unha ordenanza ten aplicación o seguinte ano. Terceiro, bonificacións sociais, terase en conta a renda das persoas buscando a proporcionalidade, defendendo máis ás persoas que o máis o necesitan. Para elo o 25 de marzo asinei a providencia para solicitar aos servizos sociais do Concello, que creemos que son parte fundamental neste proceso, para que analicen as posibilidades, que terán aplicación, de novo, legalmente no 2022. Cuarto, solicitouse ao ORAL a emisión dos recibos dos catro anos de retroactividade un cada ano no lugar de facelo de xeito conxunto. Longo de varios días de xestións e de conversas o luns, que xa volo dixo Lucía, o ORAL comunicou a través da súa directora esa posibilidade, creemos que é unha boa nova para a veciñanza e a xestión impecable de Lucía sempre en coordinación cos Organismos. Quinta, estudio xurídico para tomar formulas legais e solucionar un dos maiores problemas que plantexa esta revisión, a consecuencia de non ter o Plan Xeral aprobado como se propuxo no 2016 e que resolva esta cuestión das fincas que son urbanizables. Recórdolles que dende 1997 polas Normas Subsidiarias aprobadas polo Partido Popular de Salceda de Caselas, estas fincas agora pasarán a pagar sabendo que nunca van ter condición para ser solares urbanizables. Isto tamén llo teñen que explicar a xente para este casos, saben vostedes que Catastro aplica un coeficiente reductor dende 0,40 ata o 0,80 dependendo das características das fincas, pero dende o Concello, dende este equipo de goberno temos claro e consideramos que esas fincas deberían quedar fora, e os estudos xurídicos e o traballo que estamos facendo van encamiñados en buscar esa solución.

Era necesario aclarar, porque vostedes teñen moitísimos altofalantes para repetir unha e outra vez a súa información, que digo que é sesgada e eu vinme na obriga de saír a este pleno, xa o levamos feito a prensa e nos diferentes medios e na rúa como vos digo, pero hai que deixar as cousas clariñas e repito, volver á senda, facer política da boa, da seria, como o fixestes ata agora con unidade, como durante a pandemia. Política da seria, ata agora solo aportastes crítica e crispación no lugar de información, de verdade que lles convido a deixar de lado a súa oposición nun tema tan serio e que traballen xunto co equipo de goberno polo ben de todos os salcedenses, iso é o que lle pido, supoño que non me farán caso pero dende logo eu estou na obriga de pedírvolo. Paso a dar lectura a petición, seguinte:

*“D. Santiago Rodríguez Davila, D. Joaquín Núñez Troncoso, D. Primitivo González Souto e Dña. Ángela Valcárcel Bernárdez, todos eles Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular de Salceda de Caselas, ao amparo do establecido no artigo 46.2 da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local.*

#### ANTECEDENTES

*O imposto de Bens inmobles (IBI) é un imposto do sistema tributario local en España regulado no R.D. 2/2004, do 5 de marzo, do texto refundido da Lei das Facendas Locais- que grava o valor da titularidade dominical e outros dereitos*



reais que recaen sobre os bens inmobles localizados no Concello que recauda o tributo.

O artigo 77 da Lei de Facendas Locais é o que establece cales son as competencias dos Concellos na xestión do IBI, dicindo textualmente que "a liquidación e recaudación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos Concellos".

O Concello de Salceda de Caselas ten delegado na ORAL en base os artigos 31, 36 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e nos artigos do 113 o 117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, entre outros impostos, a recaudación do 181.

A Xerencia territorial do catastro de Pontevedra notificou, a través da sede electrónica o pasado 2 de febreiro, o inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello de Salceda de Caselas. Isto trae aparelado unha suba do IBI.

En consecuencia, dito procedemento orixina un incremento nos valores catastrais dos inmobles sitos no Concello, así como a abriga de tributar polas fincas urbanizables, aínda que non dispoñan de ningún tipo de construción.

A maiores, por defecto, tamén implica unha retroactividade no devengo do imposto ata catro anos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva vai causar un grave perxuízo económico ós veciños e veciñas de Salceda de Caselas.

No contexto sanitario de pandemia no que nos atopamos, con consecuencias catastróficas para as economías das familias, un aumento na carga impositiva deste calibre mostra por parte das administración implicadas (Facenda-Catastro e Concello), unha falta de sensibilidade e empatía, alleos totalmente as circunstancias extraordinarias que sofre a poboación. O *modus operandi* reflicte que o afán recaudatorio de ditas administracións é maior que a defensa dos intereses lexítimos dos veciños e veciñas.

É o noso deber defender o interés xeral, e polo que instamos a Alcaldesa e o Goberno Municipal para que tome medidas en prol de minimizar o impacto impositivo. Que estes non se limiten a prever no orzamento deste exercicio un incremento de 800.000€ na recaudación do IBI, que segundo informa a intervención municipal, pode ser maior. É dicir, unha suba na recadación deste imposto dun 100% para este ano.





*Unha vez recibidas as notificacións do catastro, xurdirán moitas dúbidas e reclamacións por parte dos afectados e posibles erros de tramitación. O prazo para presentar recurso de reposición é de un mes, sumándolle unha situación de pandemia con mobilidade reducida, aforos limitados e demais circunstancias, dificultan enormemente o asesoramento e a tramitación sobre todo, os veciños e veciñas máis vulnerables.*

*Por todos é coñecido as opcións que se puxeron en marcha para facilitar o pago de tributos nas distintas administracións polo motivo da pandemia, e non pode ser menos, cando é máis gravoso o peso que ten nas familias o pago adicional derivado do procedemento simplificado de valoración colectiva no noso Concello.*

**SOLICITAMOS:**

*A convocatoria dun PLENO de carácter EXTRAORDINARIO estando lexitimados para elo, segundo dispón o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Asemade, instamos á Alcaldesa a que convoque o Pleno coa maior brevidade posible para minimizar ao máximo o impacto que vai ter esta procedemento sobre os veciños.*

*Os asuntos propostos para a súa inclusión no Orde do Día son os seguintes:*

*1.- Solicitar-Instar ao ORAL diferir a emisión das liquidacións correspondentes a retroactividade do pago do IBI (motivados polo procedemento simplificado de valoración colectiva), en tres anos a razón de UN por ANO. É dicir, a liquidación pendente do 2018 emitiríase no 2021, a do 2019 no 2022 e a do 2020 no 2023, constituíndo esta medida unha opción clara de axuda a veciñanza para evitar deste xeito, os xuros xerados pola necesidade do fraccionamento dos pagos."*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** do/as Concelleiros/ras presentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

*1.- Solicitar-Instar ao ORAL diferir a emisión das liquidacións correspondentes a retroactividade do pago do IBI (motivados polo procedemento simplificado de valoración colectiva), en tres anos a razón de UN por ANO. É dicir, a liquidación*



pendente do 2018 emitiríase no 2021, a do 2019 no 2022 e a do 2020 no 2023, constituíndo esta medida unha opción clara de axuda a veciñanza para evitar deste xeito, os xuros xerados pola necesidade do fraccionamento dos pagos.

**Expediente 543/2021. Proposta de inicio do procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sra. Alcadesa:** No escrito presentado polo Partido Popular solicitaban o seguinte:

*“Iniciar o procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles onde se contemple unha redución do tipo impositivo actual do 0,50% fixando o tipo impositivo no 0,40%.”*

**Sra. Alcadesa:** a argumentación xa a fixen antes na miña exposición, ese expediente está aberto é o 543/2021, xa está a providencia realizada, o informe realizado e está emitíndose un informe xurídico para reforzar esta posibilidade, as medidas que vostedes traían xa estaban en marcha.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** do/as Concelleiros/ras presentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

- Iniciar o procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles onde se contemple unha redución do tipo impositivo actual do 0,50% fixando o tipo impositivo no 0,40%.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**



Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

